

LUIS SEOANE

INTENTANDO GOLPEAR IDEAS



EDICIONES CUCO-REI
BUENOS AIRES-LA CORUÑA

ARTURO CASAS

Arturo Casas é profesor de Teoría da Literatura na Universidade de Santiago de Compostela, onde tamén coordina o Grupo Alea de Análise Poética e dous proxectos de investigación centrados en poe-

sía contemporánea. Entre as súas publicacións figuran a *Antoloxía consultada da poesía galega 1976-2000* (Lugo: TrisTram, 2003) e os volumes *Elementos de Crítica literaria* (Vigo: Xerais, 2004) e *Performing Poetry* (Amsterdam: Rodopi, 2010).

INDIVIDUO E GRUPO NA OBRA POÉTICA



de Luís Seoane

ARTURO CASAS

Neste ensaio pretendo atender un aspecto moi concreto da obra de Luís Seoane como poeta: os procedementos dos que se serve para sinalar no individuo unha representación da colectividade. Na “Adicatoria e crida” que encabezou como limiar o primeiro libro de poemas de Seoane, *Fardel de eisilado* (1952), incorpórase unha experiencia que se corresponde coa das clases subalternas galegas e o seu horizonte migratorio. A opción do poeta consiste en ceder espazo ao testemuño. Con isto, presta a palabra para que sexan os suxeitos da emigración quen conten o vivido:

Unha historia de Galiza, honradamente feita, non pode contar no seu haber con héroes isolados, cuias fazañas teñan de relatarse ó xeito de Carlyle, dos historiadores en xeral do século XIX, senón con movementos colectivos realizados polo povo galego a traveso do tempo pra ceibarse dos desvariados sistemas, políticos, económicos e sociaes, que veñen humildándoo. [...] As grandes aicións históricas galegas foron de carácter colectivo, cecais deica boxe

como perduración das formas elementaes da vida do medioevo. (Seoane 1989a: 51-52).

Tras estes argumentos, o poeta ocúltase e semella desaparecer do poema. Son os suxeitos da historia da emigración os únicos que declaran. Así pode entenderse mellor, por exemplo, a epopeia da ocupación da Pampa polos poboadores galegos a finais do século XVIII, manipulados por autoridades diversas. Explica esa esquecida epopeia un dos primeiros colonos, Ramón Cernadas, na serie poética á que dá nome en *Fardel de eisilado*. Seoane, por tanto, sitúao á fronte, como un anuncio que adiantase outros capítulos complementarios. O testemuño de Cernadas representa outros similares. Os lectores intúeno así. Porén, non aparecen no cadro eses outros homes e mulleres con voz propia. A súa aparición parece inminente, mais non dan comparecido a carón de Cernadas.

A opción do poeta é ben outra. A comparecencia das voces e análises fundamentadoras da subxectivización no que atinxe ao suxeito emigrado ou exiliado



Luís Seoane, A multitude (1965). Gravado en madeira sobre papel.

alcánzase en realidade en Seoane mediante procedementos retabulares nos que as pezas son episodios tomados de diferentes momentos históricos e de variados destinos da emigración durante dous séculos. Promóvese así unha comprensión da emigración como constante histórica, se ben resulta difuminado o carácter coral e comunitario que exprese algo máis que o lamento e materialice unha acción política decidida. Compróbase no segundo poema da serie (Seoane 1989b: 68):

O mesmo podería dicirse a propósito do poema sobre as condicións laborais na construción da ponte de Brooklyn, cen anos despois. Un suxeito-obreiro toma a palabra e establece unha clara percepción da idea de comunidade explotada (“Podíamos ficar pra sempre tolleitos e tamén morrer”) pero non aínda dun protagonismo decidido a mudar a historia. As masas obreiras están insinuadas tras o ser humano que fala, pero non se manifestan como tales e non chegan a postularse como suxeito político.

*¡Eiquí estou, estamos, desagarimádo-los povoadores galegos!
nestas chacras, cárceres de namoros, traballadas sen sosegos.*

*Suxeitos, Deus, aínda ao pillaxe cruel dos invasores Pampas
teñen de sere, hoxe xardís de feitizos pra nós, logo campas.*

*Obrigados por arteiros mandados do Virrei do Río de la Plata
esta terra non terá de ser nosa, senón pra tristeira burata.*




Luís Seoane, *A represión I* (1965). Gravado en madeira sobre papel.

Sublíñano os debuxos que acompañan os poemas do libro, todos eles referidos ao traxecto no barco que conduce aos emigrantes a través do Atlántico. Debuxos máis líricos ca épicos, con figuras entre a espera polo que virá e a saudade da patria abandonada acaso para sempre. Unha iconografía esta que sen dúbida ha lembrar aquela que recoñecemos como prototípica na pintura e nos gravados de Luís Seoane: unha figura, dúas, tres ás veces... quietas na contemplación, na lembranza, no ensoño ou na conversa.

Por suposto, na obra plástica e gráfica de Seoane aparecen outras disposicións, outras formas de ocupar un espazo común. En particular, a propósito de ambientes festivos, da asistencia a espectáculos, de actitudes solidarias ou de momentos de represión. Porén, en Seoane non é tarefa doada localizar iconografías da multitude ao xeito no que as representou por exemplo Laxeiro. Ou o propio Díaz Pardo, de xeito metonímico (algunhas facianas e corpos que son trasunto probábel dun grupo grande ou aínda

dunha masa), nas series que titulou *Xentes que ollan* ou *Xente alporizada*. Os grupos, as masas, tampouco ocuparon un lugar de seu no segundo libro poético de Seoane, *Na brétema Sant-Iago* (1956), pero si no poemario *As cicatrices* (1959). E moi en especial no derradeiro libro da súa serie poética, *A maior abundamento* (1972). Neste breve volume localízase un poema en dous tempos que merece ser destacado a propósito do asunto que estamos a indagar.

Vén sendo, se se permite a metáfora, unha especie de gran mural histórico sobre o desenvolvemento social, económico, cultural e político da emigración galega nas Américas. Un mural nada contemporizador. Crítico, acedo, duro no xuízo moral de determinadas ocupacións e condutas, de determinados abusos e sevicias. E na contraparte, encomiástico cando se trata de celebrar o honor da patria de procedencia, aliado en terras americanas coa fundamentación cívica das novas repúblicas. De feito, Seoane desprega un poema-mural en forma de díptico: a ignominia




fronte á exemplaridade. O título dado ao poema foi “Outro canto ós emigrantes”, con dous subepígrafes que dan pé a dous relatos diverxentes: “I. Terceiros, alcaiotos” e “II. O honor de Galicia”. O único no que me interesa determe neste momento é na aparición da comunidade nestes textos, unha comunidade aínda suxeita a nomes propios representativos dunha colectividade, pero con evidente acenuación da conciencia comunal e coa obvia intencionalidade de consolidar un novo suxeito histórico.

Seoane fai nese díptico o retrato grotesco do ascenso social dalgúns emigrantes galegos sustentado na explotación sexual de mozas europeas inmigrantes en casas de prostitución e hoteis por eles rexentados quizais cun “nome saudoso”. Os alcaiotos, “os presuntos cabaieiros” que nas festividades comunitarias lucirán no peito a cruz de Santiago. E fronte a ese fresco do arribismo máis innobre o contrapunto do honor de Galicia. Os traballadores honrados e, xa antes ca eles, os heroes das liberdades republicanas en toda América Latina, compatriotas tamén emigrados na procura de pan e liberdades, “iñorados fundadores de pobos” –subliña o poeta– que xa non lembran nin os galegos da terra nin os galegos da emigración. Así, o exército “dos verdes” na Patagonia (Seoane 1989b: 93):

*Eiquí, en Buenos Aires, medrou
o ferrolán Antonio Soto,
1,84 de outura, ollos azues moi craros,
que dirixiu o erguemento obreiro da Patagonia
con Outerelo, outro galego,
e Graña, tamén galego,
e dúceas de galegos,
en 1921. Cando uns dous mil peóns de estancias
de a caballo,
como nas películas do Far West,
coma os cruzados medievaes,
coma os guerreiros do Cid,
de a caballo
loitaron pola diñidade do home,
pola liberdade,
pola terra que traballaban,
deica morrer,
como así foi.
Asesináronos.*

Seoane amplía a referencia no texto a outros emigrantes, outros dirixentes obreiros, aos mestres, aos exiliados, e contraponos a todos eles de novo cos que luxan o honor de Galicia. O seu é un canto de recoñecemento e homenaxe á maioría dos centos de miles de traballadores que desde a coñecida como

Luís Seoane, Esbozo do mural O nacemento do Teatro Arxentino, do Teatro General San Martín en Buenos Aires (1956).



Luís Seoane, O terror fascista en Galicia (1936).

Expedición das familias, de 1773, arribaran a terras americanas para sobrevivir con dignidade e soñar un soño común: “cambear Galicia /un a un /e coleitivamente”.

A mención do labor de muralista de Seoane a este respecto non é forzada. Vén dada entre outros motivos desde a súa propia produción poética. O primeiro poema de *Na brétema Sant-Iago* é revelador desa imaxe. Titúlase “Desterrados”. O poeta-muralista que mentres traballa nos grandes edificios porteños reflexiona sobre esoutro mural histórico posíbel, o da patria perdida:

*Dende o andaime escoito no chan voces estranas
de obreiros desterrados cicais de moitos países
e con liñas nas paredes sin querer dibuxo
nas facianas e nos acenos das figuras,
as imaxens lonxanas que se acubulan na miña memoria.
E a parede dun edificio de unha cidade estrana
a máis de mil kilómetros do noso océano.
Pecho os ollos e penso:
O home non pode camiñar soio sin perescer.
Un día voltaremos. Será entón inverno.*

Bibliografía mencionada

SEOANE, Luís (1989a). *Fardel de eisilado – Na brétema Sant-Iago. Poesía completa*, 1. Edición de Beatriz Eiroa e Concepción Moure. Vigo: Xerais. Edicións orixinais de 1952 e 1956 respectivamente.

SEOANE, Luís (1989b). *As cicatrices – A maior abundamento. Poesía completa*, 2. Edición de Beatriz Eiroa e Concepción Moure. Vigo: Xerais. Edicións orixinais de 1959 e 1972 respectivamente.